

## PACIENCIA

Todas as persoas vivimos cun medo. Poñémoslle máscaras, cambiámoslle o nome, disfrazámolo cos traxes que máis nos tranquilizan, pero o medo está aí, vivindo connosco. É quen de aturar calquera desprezo se ao final gaña a partida, se consegue ser máis forte, recibírnos nos seus brazos abertos e bailar o vals do desleixo que nos volverá monicreques ao seu servizo. O medo é covarde, é ruín, pero ten moita, moita paciencia.

Marga sabía que o seu medo se agochaba debaixo da cama. Desde pequena, cando a súa nai lle apagaba a luz para que aprendese a durmir ás escuras, Marga tiña que taparse ata a cabeza, así non lle vía as orellas ao medo. Ela sabía que o medo paseaba pola noite a cara descuberta, por iso, en canto puido decidir por si mesma, deixou sempre unha luz prendida mentres durmía.

O medo acompañouna en cada casa onde viviu. Acomodábase debaixo da cama de Marga e quedaba alí, á espreita. Non era de dar sustos, fin de facer ruído. O medo de Marga era discreto, silandeiro, coma se xogase a non existir. Pero existía, porque Marga acordaba cada mañá co alivio de ter gañado unha noite máis. Mesmo cando limpaba o chan, facíao con respecto, non fose a invadir a intimidade daquela ameaza.

Só cando coñeceu a Nico, Marga esqueceu o medo. As palabras doces de Nico enchíanlle o silencio, os seus pasos ocupaban a soidade que deixara

na casa un leve cheiro a rancio, a súa calor na cama de seguro que escorrentaría o frío intruso que vivía baixo dela. Marga era feliz, e non hai un inimigo máis poderoso para o medo que a felicidade.

Pero xa dixeran que o medo é paciente, pode recuar, mais nunca desaparece. No tempo no que as risas de Marga resoaban nas paredes, o medo fíxose pequeno, case insignificante. Nico pisábao cada vez que bailaba con Marga, esmagábao cada vez que a abrazaba, afogábao cada vez que a bicaba. O medo non sufría, deixábase facer, e collía forzas agardando o seu momento.

Certa noite, Marga non deixou acesa ningunha luz para poder chorar a escuras. Se o medo tivese mans, restregaríaa. Foi cando as voces de Nico enxordecían a casa. Ao comezo, Marga non entendía, preguntáballe a Nico polas súas razóns para falar tan alto, preguntáballe motivos que el non tiña, que el non atopaba nas palabras. No canto de responder, Nico batía nela, e o medo medraba, medraba ata case enguilar a Marga, a Marga fráxil coma unha aveláña ao redor da súa luz prendida. O medo medrou tanto que ocupou un por un cada cuarto. Marga refuxiábase nos recunchos e choraba, choraba sempre que Nico non a vía. A única vez que chorou diante de Nico, sen poder evitalo, a el deulle tanta rabia que lle partiu a boca dunha labazada.

A cara de Marga foise parecendo á cara do medo. Ela mesma, cando se reflexaba nun espello, non podía sosterse a mirada. Marga apagou todas as

lucos. Só de noite camiñaba silandeira pola casa, coma unha sombra entre as tebras. Marga murchouse. Nico non. Nico non a vía, non a escoitaba. Sabíase forte coa febieza dela. Nico críase dono e señor de Marga, aínda que non o era. O dono e señor de Marga sempre fora o medo.

Cando o medo daba por rematada a súa espera e paseaba fachendoso á luz do día, Marga fixo as maletas. O medo sorprendeuse ao sentila cantar mentres dobraba os vestidos de verán, pero non se atreveu a enredarse entre a roupa para ir con ela, agora que a vía tan segura, tan fermosa. Ata que chegou Nico, berrando para que ela non puidese falar. Aínda así, Marga díxolle o que gardaba para dicirlle e el, que unha vez máis non quería escoitala, soltou no seu puño esquerdo toda a xenreira que lle gardaba a ela, a Marga, que lle permitira entrar na súa vida sen retrucar, que se lle entregara sen condicións, que non tiña auga para conter aquela sede eterna.

Marga caeu. Golpeouse a caluga contra a cama e tivo que deixar a maleta onde quedara, porque non puido volver a erguerse. O medo intentou agarrala, pero ela non quixo. Marga sorriu mirando a Nico, mirando o medo coma nunca o mirara. Cara a cara. Marga sentiu que se lle escapaba o alento e, pola contra, recuperou a liberdade.

Cando a atoparon, aínda lle brillaban na cara as bágoas, non de tristeza, senón de saudade pola vida que non tivo, libre de medos.

O medo abandonou a Marga no mesmo intre no que ella o mirou aos

ollos, os ollos verdes de Nico, pero seguiu agochado debaixo da cama, preparado para saír esa noite cun novo rostro. O medo esquece axiña a quen o esquece. Xa tiña unha nova vítima, de feito, sempre a tivera. Desde que Marga non está na casa, Nico dorme cunha luz prendida. Sabe que non podería aturar o que agocha a escuridade. O medo, paciente, déixao durmir mentres lle susurra na orella as palabras que el non quere escoitar, que lle levan pesadelos e o volven indefenso. O medo, paciente, non ten que agochase, pero quere. Así pensamos que o temos controlado cando, en realidade, é el quen nos controla desde o seu tobo, roubandonos a liberdade sen présa, paciente, esperando o seu momento.

PAULA CARBALLEIRA

*Camíñan descalzas polas rochas. Autoras polos dereitos humanos das mulleres*, Tris Tram, Lugo, 2010, pp. 33-36.